

aspecto sintáctico relevante desde un marco teórico como o da gramática de valencias que non fora até ao momento presente tido moito en conta na lingüística galega. Non cabe dúbida de que esta se ve enriquecida con tal abordaxe e de que a monografía abre un camiño para novas e desexábeis achegas a uns estudos sintácticos que aínda demandan unha maior atención dos lingüistas.

Xosé Ramón FREIXEIRO MATO

VILLANUEVA GESTEIRA, María Dolores (2011): *A lingua galega entre 1963 e 1975. Situación social e discursos dende o galeguismo*. Pontevedra: Litosprint S.L, 242 pp.

Gañadora do premio de investigación 2008 de novos investigadores, Malores Villanueva preséntanos na súa segunda obra un extenso e acertado traballo sobre a situación social da lingua galega nos últimos anos do franquismo, concretamente entre 1963 e 1975. Datas escollidas a conciencia xa que ambas dúas supoñen cambios estratéxicos nos derradeiros anos do réxime. 1963 é o centenario da primeira edición de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro e grazas a súa reedición vólvese a publicar neste ano a revista *Grial*. Ademais de ser o ano no que se instaura o Día das Letras Galegas pola Real Academia Galega. A data escollida para rematar o período de investigación é 1975 xa que coincide co final da ditadura franquista.

O estudo comeza cun capítulo de introdución ó marco histórico da época que non podería entenderse, segundo a autora, sen analizar as consecuencias da Guerra Civil española acontecida entre 1936 e 1939 xa que tivo unha gran repercusión en Galicia por ser unha das primeiras rexións en caer ante o réxime e durante este foi unha das máis reprimidas. Polo tanto, hai que facer distinción entre a situación xeral de España e a particular de Galicia (pp. 19-25).

Non estaría rematada a introdución sen ter en conta a situación socioeconómica e demográfica do País durante o período de estudo. A autora incide na importancia da emigración que levou ós galegos a buscar un futuro mellor fóra da súa terra tendo como destinos principais primeiro América, despois Europa e outras partes da península (pp. 32-36). Este feito afecta, non cabe dúbida, á economía galega que debe sustentarse da terra e, como non, do mar (pp. 37-40).

O obxectivo do estudo é analizar a situación sociolingüística no momento. Así, expónse de forma detallada, con táboas e gráficos moi clarificadores, extraendo datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia e mais do Instituto Galego de Estatística, a utilización e o coñecemento da lingua do pobo galego (pp. 43-47). Os datos refírense á lingua da poboación en todas as súas disciplinas. Analiza a investigadora a continuación o uso do galego na escrita recollendo os títulos publicados no

período (pp. 49-54). Ao final do libro adxunta unha táboa con todas elas.

Fronte a esta esperanzadora utilización do galego a estudosa analiza o uso da lingua nos ámbitos máis formais da sociedade como na administración, no ensino e a igrexa, ou mellor dito, o no uso da lingua galega nestes ámbitos. O impulso que lle dera a proclamación da Segunda República vén destruído coa entrada do réxime, e ata o final do mesmo, a lingua galega foi prohibida nestes ámbitos. Naquela España había que ser patriota, para iso, había que falar ben, ou sexa o idioma oficial, o castelán. Polo tanto, o ensino desenvolveuse integralmente en castelán ata finais do réxime. “Só nos derradeiros anos hai unha certa flexibilidade, unha certa saída de aire á gran ola de presión que é a Ditadura” (p. 69).

E foron, certamente, nestes derradeiros anos cando se puxeron en marcha as organizacións e os galeguistas para tentar cambiar a visión do galego. Así, hai un rexurdimento da literatura galega grazas ós autores da Nova Narrativa Galega. Moi importante para este feito foi, como sinala M. D. Villanueva, a segunda andaina da editorial *Grial* en 1963. Todos estes autores foran universitarios, xa que a Universidade de Santiago de Compostela adquiriu gran prestixio e na metade da década dos setenta habería máis de 15000 alumnos. Alí comezouse a introducir o galego. Creouse en 1972 a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas. Así, moitos estudosos comezaron a preocuparse pola lingüística galega facendo a súas teses de doutoramento sobre este tema e durante este período saen á luz dicionarios, gramáticas e libros de texto para o estudo do galego. Para isto foi moi importante o labor do “Instituto da Lingua Galega”, que xurdiu en 1971 e dende este organismo fixéronse (e fanse aínda hoxe en día. A propia Malores Villanueva é investigadora do centro) os máis importantes traballos de lingua galega. Moi destacados foron os métodos de ensino *Gallego 1*, *Gallego 2* e *Gallego 3*. Ademais doutros proxectos que non é momento de describir. Este ensino da lingua non sería posíbel sen a colaboración da Real Academia Galega coas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1970). Outras asociacións culturais fixeron moito por estender a lingua dentro e fóra de Galicia. Asociacións moi importantes que xurdiran a principios dos anos sesenta por todo o territorio galego e fóra de Galicia. A autora lembra o grupo “Brais Pinto” en Madrid. Anos despois de que comezaran esta andaina os galegos universitarios en Madrid, xurdiron “O Galo” en Santiago de Compostela, “O Facho” na Coruña, a Asociación Cultural de Vigo, a Asociación de Amigos da Cultura, en Pontevedra, a Agrupación Cultural Auriense o a Agrupación Cultural Abrente en Ribadavia. Todas elas encargáranse de promover a cultura e a lingua por todo o territorio con conferencias, recitais, concursos. Ademais promoveron o teatro e impartiron cursos de lingua. Detrás destas asociacións están as organizacións políticas coma o Partido Socialista de Galicia ou a Unión do Pobo Galego. Así, vincúlanse á creación de “O Galo” ou “O Facho” os

militantes do PSG, á Asociación Cultural de Vigo os da UPG ou á Asociación Cultural Breogán os do PCG. O nacionalismo político desenvólvese en galego, era un símbolo máis, un sinal de identidade e isto vai reflectirse no pobo. Grazas a estas organizacións o galego vai ser a lingua do proletariado, da reivindicación, da loita (pp. 113-118).

Non cabe dúbida, e desenvólvese neste capítulo do libro, que pese á represión, moitos foron os homes e as mulleres que axudaron a superar a situación e facer do galego unha lingua de comunicación en todos e para todos os niveis.

A segunda parte do estudo céntrase nas opinións destes homes e mulleres, destes galeguistas, sobre a lingua galega daquela. Entre eles había posturas diverxentes, algunhas delas cheas de optimismo, outras de pesimismo pero sempre en prol do galego.

O primeiro que estes galeguistas fixeron foi tentar de convencerse e convencer os outros de que o galego era unha lingua ó mesmo nivel que o castelán e que o francés e non un simple dialecto do castelán xa que o propio galego presenta variedades dialectais. Quen xogou maior papel da defensa desta teoría foi, entre outros, Xosé Luis Méndez Ferrín. Para que o galego alcanzase o rango que lle correspondía había que facer unha norma da lingua, dunha lingua unificada e disto encargáronse os membros da RAG tomando como modelo a lingua literaria e máis o ILG que deu máis importancia á lingua oral e á fonética primordialmente. Destácase tamén como feito moi importante o labor da editorial Galaxia na unificación do galego.

A autora non deixa de mencionar neste capítulo ó profesor Rodrigues Lapa quen se considera “un ponte ideal entre Galicia e Portugal” (p. 136).

Na liña pesimista sitúase ó profesor X. Alonso Montero quen con seu *Informe –dramático– sobre a lingua galega* publicado en 1973 creou alarmas sobre a desaparición do idioma (pp. 143-148). A obra causou un grande impacto na sociedade e tivo moito éxito, pero foi criticada polo seu pesimismo e por estar escrita en castelán.

A parte das ideas das persoas relevantes sobresaíntes do galeguismo, hai que ter en conta a opinión da sociedade galega daquela. Sinala a estudosa que o galego era a lingua do rural, dos que non tiñan acceso a estudos mentres que o castelán era a dos universitarios, a lingua das grandes cidades. Estes prexuízos debíanse combater, por iso a importancia da figura do galeguista.

Ramón Piñeiro foi un dos máis concienciados con esta loita, tiña moitas esperanzas en introducir a lingua nos ámbitos culturais e sociais. Se ben é certo, que non era un momento no que lle sería moi doado conseguilo, pouco a pouco a lingua foi adquirindo prestixio. O bilingüismo non era moi ben acollido en Galicia. Había dúas linguas, a lingua do País e unha lingua allea que se imponía sobre a propia. O castelán era esa lingua imposta nos ámbitos da sociedade. O ensino era enteiramente en castelán e se se conseguía un ensino bilingüe sería un grande adianto. Isto conseguiuuse, como moi acertadamente observa a autora, grazas, ademais de á Lei Xeral de Educación, ó labor dos galeguistas (pp. 152-168).

Herdeira destes galeguistas, Malores Villanueva mostra nesta obra o seu interese, amor e respecto pola lingua galega facendo, grazas ó seu coñecemento e expresión, un libro práctico, sinxelo, exemplificado e didáctico para os que, máis modestamente ca ela, queremos achegarnos ó estudo desta lingua, coa que xa hai anos camiñamos. Para outros, como o profesor Ramón Lorenzo que prologa o estudo, supón un “grande interese posto que me fixo revivir unha época importante da miña vida, vivida con intensidade e coa esperanza, non cumprida, de que a nosa lingua tivese unha expansión cada vez maior como lingua de cultura e como a lingua de toda a sociedade galega” (p. 9).

Felicítamos esta iniciativa que enriquece os estudos de sociolingüística galega e animamos á autora a seguir adiante.

Elena AGUADO DOMINGO